

Proxecto de decreto polo que se aproba o Catálogo de bens de valor cultural no litoral de Galicia

O artigo 148.1.3 da Constitución española reconece ás comunidades autónomas a posibilidade de asumir a competencia sobre ordenación do territorio, urbanismo e vivenda. Galicia exerceu esta facultade, recoñecéndoa expresamente e engadindo, ademais, a ordenación do litoral no artigo 27.3 do Estatuto de autonomía (en diante, EAG).

Sobre a base das competencias autonómicas en materia de ordenación do territorio e do litoral (artigo 27.3 do EAG) aprobouse a Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia. Esta lei fundaméntase, ademais, noutros títulos competenciais cando as súas previsións se proxectan sobre o medio mariño, tales como a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma sobre a pesca nas rías e nas demais augas interiores, o marisqueo e a acuicultura (artigo 27.15 do EAG) e sobre os portos autonómicos (artigo 27.9 do EAG). Inclúe tamén a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado en materia de ordenación do sector pesqueiro (artigo 28.5 do EAG) e portos pesqueiros (artigo 28.6 do EAG), así como a competencia de execución da lexislación do Estado en materia de salvamento marítimo (artigo 20.3 do EAG) e verteduras industriais e contaminantes en augas territoriais do Estado correspondentes ao litoral galego (artigo 29.4 do EAG), por citar os títulos máis significativos. Débese engadir á anterior relación as competencias que lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de medio ambiente, perfiladas progresivamente polo Tribunal Constitucional na interpretación do artigo 149.1.23 da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar a «lexislación básica sobre a protección do medio ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección». Estas competencias complétanse coa asunción estatutaria recollida no artigo 27.30 do Estatuto de autonomía de Galicia, que reconece a competencia exclusiva sobre «normas adicionais sobre protección do ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23».

A Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, persegue a protección, conservación e mellora do patrimonio cultural do litoral. Así o establece o artigo 3, que recolle entre os fins da lei «a protección, a conservación e a mellora do patrimonio cultural do litoral a través de accións orientadas á súa posta en valor, á súa recuperación e á súa rehabilitación».

A exposición de motivos da Lei 4/2023, do 6 de xullo destaca que «singularizar o litoral de Galicia e recoñecer as súas particularidades significa identificar os usos e as actividades que se veñen realizando e os que necesariamente deben desenvolverse nel, non só sen prexudicar, senón poñéndoo en valor e significándoo como unha fonte de riqueza, benestar e cohesión social. Algúns deses usos constitúen unha riqueza propia de Galicia e resultan estratéxicos para o desenvolvemento sustentable do litoral. Por

iso, o título IV da lei identifícaaos como «actuacións estratéxicas» e establece as medidas legais necesarias para que poidan levarse a cabo co máximo respecto ao medio ambiente e á paisaxe, e na mesma medida con eficacia e seguridade xurídica.»

En coherencia con este marco, o artigo 54 declara estratéxicas as intervencións sobre o patrimonio cultural do litoral, mentres que o artigo 58 concreta a súa regulación establecendo a aplicación preferente das medidas derivadas da normativa de patrimonio cultural sobre a normativa de costas. Neste sentido, a disposición adicional sexta prevé a aprobación dun Catálogo de bens de valor cultural no litoral, sobre os cales se poderán promover as actuacións estratéxicas.

Para dar cumprimento ao mandato legal, este decreto aproba o Catálogo de bens de valor cultural de conformidade co exposto na disposición adicional sexta da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

Na súa virtude, por proposta da Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, co informe favorable do departamento competente en materia de patrimonio cultural, tras a deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día,

DISPOÑO:

Artigo único. Aprobación do Catálogo de bens de valor cultural no litoral de Galicia

Apróbase o Catálogo de bens de valor cultural no litoral de Galicia, inserido como anexo a este decreto, para dar cumprimento ao mandato legal establecido na disposición adicional sexta da Lei 4/2023, do 6 de xullo.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Este decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

ANEXO

Catálogo de bens de valor cultural no litoral de Galicia

O Catálogo de bens de valor cultural no litoral de Galicia está dispoñible na seguinte ligazón, onde se poden consultar as fichas correspondentes a cada un dos bens que forman parte do mesmo.

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/EKobYfe6KrDaEj7>